



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

ANEXO II
MODELO DE DECLARACION RESPONSABLE

GALEGO

D./D^a. _____ con domicilio a efectos de notificación en _____, teléfono _____, provisto de DNI núm.: _____, actuando en nome e representación de (nome do alumno menor de idade) _____, domiciliado en Tui e matriculado no curso académico 2017/2018

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1.- Non atoparse incurso en ningunha das prohibicións que para ser beneficiario se establecen no artigo 13 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións e, en particular:

- a) Non haber sido condenado mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas ou por delitos de prevaricación, suborno, malversación de caudais públicos, tráfico de influencias, fraudes e exaccións ilegais ou delitos urbanísticos.
- b) Non ter solicitado a declaración de concurso voluntario, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal, sen que conclúise o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Non haber dado, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- d) Non estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 3/2015, de 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias.
- e) Acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.
- f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Acharse ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.
- h) Non haber sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións conforme a esta ou outras leis que así o establezan.

2.- Asumir as obrigas sinaladas no artigo 14 da devandita Lei 38/2013 xeral de subvencións:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

- b) Xustificar ante o órgano concedinte ou a entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedinte ou a entidade colaboradora, no seu caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicar ao órgano concedinte ou a entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse axiña que como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 desta lei.

En Tui, a _____ de 20__.-

Asina

O pai ou titor do menor,

Asina

O alumno,